

CREACIÓN E TRATAMENTO DE IMAXES E FOTOGRAFÍAS CON GIMP (1ª Edición)

No marco da colaboración entre as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións de Xestión Universitaria (CIXUG), este ofrece actividades formativas directamente destinadas ao persoal de administración e servizos, orientadas a mellorar a súa capacitación e a impulsar o uso de ferramentas informáticas na xestión. E neste contexto

ESTA XERENCIA RESOLVEU: convocar o curso en liña de *Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP (1ª Edición)* con suxeición ás seguintes

BASES

Primeira.- Persoal destinatario.

Persoal de administración e servizos que empregue no seu posto de traballo a edición e tratamento de imaxes.

Segunda.- Obxectivos.

- Coñecer os principais sistemas e módulos que fundamentan os sistemas dixitais de creación de gráficos dixitais.
- Coñecer, obter e capacitar no uso de ferramentas dixitais para a creación e tratamento de imaxes.
- Coñecer en detalle as contornas de traballo da edición de imaxes, así como as ferramentas e as opcións.
- Localizar e obter imaxes de forma ética e legal para complementar as nosas composicións gráficas.
- Distinguir entre diferentes tipos de imaxes e saber o seu uso máis adecuado.
- Crear ou modificar calquera tipo de imaxe, para combinala en calquera proxecto.
- Ter presentes os conceptos básicos da cor, para poder elixir un modo de cor ou outro á hora de abordar un proxecto.



Terceira.- Desenvolvemento.

1. Curso en liña a través da Aula virtual do CIXUG (<http://formar.cixug.gal>). Traballárase principalmente con GIMP, aludindo tamén a outros programas software libre coma Krita, Scribus e Inkscape, entre outros.
2. Calendario: do 17 de marzo ao 30 de abril de 2026, requirindo unha dedicación aproximada de 24 horas e unha participación mínima de 5 horas.
3. O número máximo de participantes pola Universidade de Vigo será de 10 participantes.
4. Requisitos técnicos: ordenador con acceso a internet. Deberán posuírse habilidades ofimáticas básicas.
5. Avaliación: farase unha proba obrigatoria de autoavaliación ao final de cada tema e a posibilidade dunha proba final de avaliación.
6. De recibirse máis de 10 solicitudes, seguirase a orde alfabética a partir da letra M vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 22 de xaneiro de 2026 (DOG do 26 de xaneiro de 2026) e terase en conta ao persoal que, nos últimos anos, estea gozando ou gozase dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de fillas/os ou familiares (D.L. 2/2015, do 12 de febreiro). En todo caso terá preferencia o persoal funcionario de carreira e laboral fixo.

Cuarta.- Solicitudes.

O prazo de inscrición rematará o 12 de marzo do 2026 debendo efectuarse a través de Bubela, dentro dos cursos ofertados polo Servizo de PAS deberá seleccionar o curso *Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP 1ª Edición*, e por último, premer no botón *Preinscribir*.

O informe do/a responsable da unidade ou servizo acerca da necesidade e/ou conveniencia desta actividade para a persoa peticionaria, remitirase ao Servizo de PAS a través do correo electrónico formacionpas@uvigo.es

Quinta.- Programa.

1. Introducción:
 - Introducción á edición dixital.
 - Software libre e software non libre.
 - Cultura libre e Creative Commons.
 - Formatos estándares..
 - Conceptos básicos sobre imaxe e cores.
 - Formatos de imaxe.
 - Software de retoque e edición de imaxes:
 1. Deseño gráfico
 2. Editor de imaxes GIMP
 3. Acceso e descarga
 4. Espazo de traballo
 - Obter recursos libres.



2. Primeiros pasos
 - Tarefas básicos de edición:
 1. Gardar en varios formatos.
 2. Capturar unha imaxe.
 3. Escalar e comprimir.
 4. Recortar e endereitar.
 5. Axustando cores.
 6. Equilibrar niveis.
 7. Modos de cor e transparencia.
 8. Ollos vermellos.
 - Capas:
 1. Entendo as capas.
 2. O diálogo Capas.
 3. Manipulando capas.
 4. Capas flotantes.
 5. Copiando e transformando.
 6. Combinando capas.
3. Pintura e seleccións:
 - Ferramentas de pintura.
 1. Opcións de ferramenta.
 2. Pinceis, lata e gradación.
 3. Clonado e reparado.
 4. Máis ferramentas de pintura.
 - Ferramentas de selección:
 1. Rectangular e elíptica.
 2. Difusa e Cor.
 3. Editor de selección.
 4. Tesoiras.
 5. Primeiro plano.
 - Desatascarse.
4. Tratamento da cor, transformación e filtros:
 - Textos.
 - Transformacións:
 1. Aliñamento
 2. Perspectiva.
 - Ferramentas de cor:
 1. Histograma.
 2. Ferramenta Curvas.
 - Máscara de capa.
 - Filtros.
 - Outras aplicacións:
 1. Deseño vectorial.
 2. DTP.
 3. Ilustración dixital.



Sexta.- Profesorado.

Óscar Fernández Carballo, CIXUG.

Sétima.- Control e certificacións.

1. Para ter dereito ao certificado acreditativo, haberá que realizar as actividades que se especifiquen durante o curso.
2. As persoas admitidas só poderán renunciar ao curso cunha antelación mínima de dous días hábiles á data do seu comezo, en caso contrario perderán o dereito a ser admitidas durante un prazo de seis meses a calquera curso que se convoque, agás no suposto de que queden prazas vacantes. Igual tratamento recibirá quen non realice polo menos o 80% das actividades preceptivas establecidas polo/a docente.

Oitava.- Financiamento.

Os custos do presente curso son por conta do convenio de colaboración entre AMTEGA e o CIXUG para o apoio das actividades en materia de software libre.

Vigo, 4 de marzo de 2026
A Xerenta,
Yolanda T. Lesmes Romero

